



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2019/10

Órgano Colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «En cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF»
Data	21 de xuño de 2019
Duración	Desde as 13:40 ata as 14:40 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretario	SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470201J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52470703D	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
52472017N	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
41082506K	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
41027051Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	NON
74102290G	CARMEN GÓMEZ OTERO	SÍ
41001707M	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
76071203M	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
70000004Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
41055034M	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
52470005D	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
41089524h	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
AL CALDE
Data de Sinatura: 06/09/2019
HASH: 635acc328dcccc4a6afb6b15c3ae9f672



SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 06/09/2019
HASH: 2294202be1eb675e24bb7d776f8e84



ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://aeestrada.secelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 34



41693720Y	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
52171106R	LUIS RENDO ARAUJO	NON
76868708D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
76871101Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
89410310W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52172225C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
50222121Z	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
76864061Q	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaría** a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Antes de comezar coa orde do día, o **Sr. Alcalde** da a benvinda a todos os novos/as concelleiros/as que forman a nova corporación; ao mesmo tempo fai un recoñecemento a aqueles que formaron parte da anterior corporación e que xa non están nesta nova lexislatura. Remata desexando que este mandato sexa frutífero e que dea resposta a todas as necesidades dos/das estradenses.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 15 DE XUÑO DE 2019

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 2741/2019. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dáse conta dos escritos presentados en cumprimento do disposto nos artigos 24 e 25 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, mediante os cales veñen a constituírse os grupos políticos desta Corporación municipal e nos que se designan voceiros e, no seu caso, suplentes.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
 Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Codi. Validación: 4FN3RKZM4TCU.RS.WDZCPYLEPC | Corrección: http://eestrada.sedelectronica.gal
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 34



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

En consecuencia os grupos políticos municipais son:

- o Grupo municipal do Partido Popular (Voceiro: D. Alberto M. Blanco Carracedo. Suplente: Juan M. Constenla Carbón)
- o Grupo municipal Socialista (Voceiro: D. Luis López Bueno. Suplente: Belén Louzao Vieites)
- o Grupo municipal de Móvete (Voceira: Dna. Mar Blanco Casais. Suplente: Iván M. Sanmartín Eirín)
- o Grupo Mixto (BNG). (Voceira: Dna. Susana Camba Castro)

Expediente 2742/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este punto toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto Blanco Carracedo**, que comeza dicindo que, constituída a Corporación Local en sesión plenaria do 15/06/2019, a consecuencia das pasadas eleccións locais de 26/05/2019, a Alcaldía-Presidencia propón, en primeiro lugar, determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación e que ditas sesións se celebren ordinariamente o primeiro xoves de cada mes, sendo o horario de celebración as 20:30 horas, agás nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en que o horario de celebración será as 21:00 horas; e, en segundo lugar, que se faculte ao Alcalde para modificar, por causa xustificada, a data de celebración da sesión ordinaria adiantando ou retrasando o día de celebración nun intervalo máximo de sete días naturais, conservando o carácter de ordinaria.

Pide intervir o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar que, con respecto ao horario e día de celebración das sesións plenarias, non ten nada que alegar, sen embargo, no que se refire a facultar ao Alcalde para modificar a data de celebración das sesións, o seu grupo propón que se faga previa a convocatoria da Xunta de Voceiros, e así garantir a representatividade deste Pleno e non se faga un mal uso ou arbitrario desta facultade.

Toma a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para trasladar a súa conformidade coa proposta do grupo socialista.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para apoiar tamén a proposta do Grupo Socialista.

O **Sr. Alcalde** lembra aos presentes que se trata dunha competencia exclusiva da Alcaldía e, polo tanto, vaise a conservar a mesma, de todos xeitos aclara que sempre que se vai a cambiar a data de celebración da sesión ordinaria do Pleno é costume consultalo previamente coa Xunta de Voceiros pero iso non quere dicir que sexa esta a que tome a decisión, senón que, reitera, é unha competencia da Alcaldía.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Concello da Estrada

Prza, da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZ4-TCLRSJWDZCPYLPC | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esF.Úblico | Páxina 3 a 34



Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede determinar o réxime da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

Considerando o disposto no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei galega 5/1997 de Administración Local e no artigo 78 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación.

As sesións celebraranse ordinariamente o primeiro xoves de cada mes, sendo o horario de celebración as 20:30 horas, agás nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, en que o horario de celebración será as 21:00 horas.

Segundo.- Facultar ao Alcalde para modificar, por causa xustificada, a data de celebración da sesión ordinaria adiantando ou retrasando o día de celebración nun intervalo máximo de sete días naturais, conservando o carácter de ordinaria.

Expediente 2774/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Toma a palabra o Sr. **Alberto Blanco** (voceiro do grupo do Partido Popular) para explicar que neste punto se establece unha periodicidade semanal para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede determinar o réxime da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Considerando o sinalado no artigo 211 da Lei galega 5/1997 de Administración Local, no artigo 112 e 113 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra), Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3BKZM4TCLRSJWDZCPYLKPC | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp-ublico | Páxina 4 a 34



Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

Determinar unha periodicidade semanal para as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Expediente 2777/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao voceiro do Partido Popular, **D. Alberto Blanco**, quen explica que neste punto se determinan a creación das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas
- Comisión informativa de Urbanismo
- Comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais
- Comisión informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación
- Comisión informativa de Cultura e Deportes
- Comisión informativa de Rural e Medio Ambiente
- Comisión informativa de Promoción Económica e Turismo

Continúa dicindo que, en segundo lugar, propónse que as sesións ordinarias das Comisións Informativas se celebren con periodicidade mensual, entre o oitavo e o cuarto día hábil anterior ao día de celebración da sesión ordinaria do Pleno, sempre que na orde do día deste último se inclúan asuntos que deban ser ditaminados previamente por algunha das citadas Comisións Informativas.

Así mesmo, establécese que a composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

- 6 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia.
- 3 membros en representación do grupo municipal PSdeG-PSOE.
- 1 membro en representación do grupo municipal MOVETE.
- 1 membro en representación do grupo mixto (BNG).

Sinala que a designación concreta dos/as Concelleiros/as membros das Comisións Informativas que lles corresponden a cada grupo, realizarase mediante escrito do seu Voceiro/a dirixido ao Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo.

Por último, di que a proposta finaliza cun cuarto punto que establece que o Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións informativas. Non obstante, poderá delegar a Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Pide a palabra o voceiro do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, sinalando que, a pesares de que reconece que é competencia do grupo de goberno a formación e organización das distintas Comisións Informativas, o seu grupo propón que se separe Igualdade como unha entidade propia dentro do goberno, así como introducir Turismo dentro da Concellaría de Promoción Económica. No que respecta á representación dos grupos políticos, está de acordo.

Intervén a voceira do grupo Móvete, **Dña. Mar Blanco**, para manifestar que considera mellorable a relación existente entre ás áreas que comprenden as Comisións Informativas e ás

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKN4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://estrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 34



áreas de cada Concellaría, por considerar a inexistencia dunha boa distribución de competencias, de feito hai áreas que se solapan, tal é o caso de Rural e Cultura; da mesma maneira di que a área de Turismo está ubicada dentro da Comisión Informativa de Promoción Económica e Turismo e, sen embargo, non está destinada a ningún concelleiro. Por outra parte manifesta o apoio á proposta do grupo do Partido Socialista no que respecta á creación dunha área independente de Igualdade, ao considerar que é responsabilidade de todos os poderes públicos avanzar na igualdade entre mulleres e homes, así como que se leven a cabo políticas que se dirixan a esta igualdade en cumprimento da Lei Orgánica 3/2007, polo que considera que o grupo de goberno, independentemente da creación desta área, debe de incluír a igualdade de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo.

Pide a palabra a voceira do Grupo Míxto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para manifestar o seu apoio á proposta do grupo do Partido Socialista sobre a existencia dunha área en materia de Igualdade, por considerar que ten o suficiente peso e importancia para elo, sen esquecer que así a sociedade o demanda.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede determinar a creación e composición das Comisións informativas permanentes .

Considerando que o artigo 124 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), sinala que corresponde ao Pleno decidir o número e denominación iniciais das Comisións informativas permanentes, a proposta do Alcalde.

Considerando que a Comisión Especial de Contas é de existencia obrigada en todos os Concellos, tal e como sinalan os artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, nos artigos 66, 67, 68 e 212 da Lei galega 5/1997 de Administración Local e nos artigos 29, 123, 124 125, 127 e 134 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o informe da Sra. Secretaria municipal de data 18/06/2019, emitido con carácter favorable condicionado ao cumprimento do procedemento indicado no dito informe.

ACORDAMOS:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3R3KZNA4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 34



Primeiro.- Determinar a creación das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas
- Comisión informativa de Urbanismo
- Comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais
- Comisión informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación
- Comisión informativa de Cultura e Deportes
- Comisión informativa de Rural e Medio Ambiente
- Comisión informativa de Promoción Económica e Turismo

Segundo.- Determinar que as sesións ordinarias das Comisións Informativas se celebren con periodicidade mensual, entre o oitavo e o cuarto día hábil anterior ao día de celebración da sesión ordinaria do Pleno, sempre que na orde do día deste último se inclúan asuntos que deban ser ditaminados previamente por algunha das citadas Comisións Informativas.

TERCEIRO.- A composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

- 6 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia.
- 3 membros en representación do grupo municipal PSdeG-PSOE.
- 1 membro en representación do grupo municipal MOVETE.
- 1 membro en representación do grupo mixto (BNG).

A designación concreta dos/as Concelleiros/as membros das Comisións Informativas que lles corresponden a cada grupo, realizarase mediante escrito do seu Voceiro/a dirixido ao Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo.

Cuarto.- O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións informativas. Non obstante, poderá delegar a Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Expediente 2739/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 12
En contra: 7
Abstencións: 0
Ausentes: 0

D. Alberto Blanco Carracedo, explica que neste punto propónse, en primeiro lugar,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Codi. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWDZCPYLPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 34



recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Alcalde-Presidente, en segundo, lugar, establecer as retribucións a percibir en 58.372,36 euros brutos anuais, en terceiro lugar dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde-Presidente, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais á Seguridade Social que lle correspondan, e, por por último, dotar ao acordo que se adopte de efectos retroactivos, dende o 15 de xuño de 2019, data da toma de posesión do Alcalde, de conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo nas súas sentenzas de 12 de novembro de 1986, 3 de xullo de 2000 e 6 de febreiro de 2001.

Pide a palabra **D. Luis López Bueno**, para dicir que non ten obxección con respecto a dedicación exclusiva do Sr. Alcalde, sen embargo si no relativo a contía das retribucións a percibir por dita dedicación, xa que considera insuficiente a xustificación da suba das mesmas, sobre todo tendo en conta que o Alcalde compaxinará as súas funcións da Alcaldía coas de Deputado Provincial, onde percibirá aproximadamente 20.000 euros (dependendo das asistencias a órganos colexiados da Deputación), polo que, sumados a los 58.376,32 € de salario como Alcalde, elevará os seus ingresos pola administración á altura do Presidente do Goberno do Estado.

Continúa dicindo que é consciente da necesidade da existencia de salarios dignos para os representantes públicos, pero lle parece un disparate a cantidade fixada, polo que, se xa tiñamos un goberno caro, agora vai a ser máis aínda.

Intervén **Dna. Mar Blanco**, manifestando a súa conformidade con que o Alcalde teña dedicación exclusiva, sen embargo non lle parece ético nin merecido que se fixe o seu soldo no límite máximo. Así mesmo, non lle parece ético porque a renda por cápita media da Estrada está por debaixo da media galega e provincial, debido, principalmente, á alta taxa de desemprego, aos contratos temporais e parciais, etc., en definitiva unha situación laboral precaria que orixina a perda de poder adquisitivo dos estradenses, e a pesares disto, o Alcalde ponse o salario máximo a percibir. Tamén di que dito salario non é merecido por moitas causas, unha delas o feito de que en oito anos de mandato non foi capaz de crear medidas que xerasen emprego e mellorárase a economía dos nosos veciños, xa que, cada vez máis, o noso pobo está máis empobrecido e, como consecuencia, a poboación diminúe. Polo anterior, lle recomenda ao Sr Alcalde que vaia aforrando porque vaticina que dentro de catro anos non poderá repetir este salario que fixa agora, xa que intentarase que os veciños non depositen de novo a súa confianza nel e tamén porque considera que como non se poña a traballar para fixar poboación entón este Concello baixará de categoría e, polo tanto, o seu salario tamén será menor.

Polo manifestado o seu grupo municipal (Móvete) vai a votar en contra a esta proposta por non estar de acordo coa contía do salario, ao mesmo tempo que ofrece a súa man para traballar co fin de mellorar a calidade de vida dos/das estradenses e así evitar que estes emigren.

Dna. Susana Camba manifesta a súa conformidade coa existencia da figura de dedicación exclusiva do Alcalde, sen embargo non está de acordo coa contía fixada pola dita dedicación, unha contía moi elevada para este cargo, sobre todo tendo en conta a baixa renda por cápita dos nosos veciños e veciñas, moitos dos cales non chegan a final de mes e tamén porque moitos están a cobrar subsidio por desemprego e, a pesares disto, o Alcalde súbese o soldo, un soldo que deriva dos impostos pagados por estes veciños, unha situación lamentable e pouco ética. Ante o dito traslada o seu voto en contra a esta proposta por considerar lamentable o importe do salario fixado pola dedicación exclusiva.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para advertir que o asunto a votar inclúe tanto a dedicación exclusiva como importe das retribucións por exercicio da mesma, así que se emitirá un único voto para os dous puntos. Por outra banda, di que non quere entrar en debate sobre este asunto, pero quere aclarar que os estradenses faláron alto e claro nas eleccións locais, trasladando o seu apoio a este grupo de goberno, e non se debe empezar unha nova campaña ata pasados estes catro anos de

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKNZ4TCLRSJW0ZCPYL EPC | Corrección: <http://sestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 34



gobierno que empeza agora.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e en contra do Partido Socialista, Móvete e Grupo Míxto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Visto o informe da Sra. Interventora municipal de 18/06/2019, emitido con carácter favorable.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Alcalde-Presidente.

Segundo.- Establecer as retribucións a percibir en 58.372,36 euros brutos anuais.

Terceiro.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde-Presidente, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais á Seguridade Social que lle correspondan.

Cuarto.- Dotar a este Acordo de efectos retroactivos, dende o 15 de xuño de 2019, data da toma de posesión do Alcalde, de conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo nas súas sentenzas de 12 de novembro de 1986, 3 de xullo de 2000 e 6 de febreiro de 2001.

Expediente 2778/2019. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA PARA O CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE E DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS NO MEDIO RURAL, CULTURA E MEDIO AMBIENTE.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TC.LRS.UWD.ZCP.VLEPC | Corrección: <http://sestrada.secelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSPublico | Páxina 9 a 34



Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12

En contra: 7

Abstencións: 0

Ausentes: 0

O voceiro do grupo do Partido Popular, **D. Alberto Blanco**, da comezo a este punto, dicindo que inclúe a proposta de recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos no Medio Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente., sendo o réxime de dedicación mínima será do 100% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible. Asemade, establécese a contía a percibir en 40.000,00 euros brutos anuais. En consecuencia do anterior, propónse proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan, e, para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptárase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Intervén o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para dicir que considera excesivo o salario fixado para a dedicación exclusiva do Primeiro Tenente de Alcalde, sobre todo tendo en conta as áreas que dirixe e despois do estado en que as deixou tralos últimos catro anos de goberno, xa que as competencias derivadas da xestión de Rural e Medio Ambiente non foron óptimas; polo que o seu grupo votará en contra.

O **Sr. Alcalde** responde ao Sr. López Bueno que debería dar máis paseos polo rural.

Toma a palabra a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, transmitindo que a mala distribución das áreas municipais maniféstase claramente nestas que se delegan ao Primeiro Tenente de Alcalde (Cultura, Medio Rural e Medio Ambiente), xa que son moi amplas e que supoñen moito traballo, e, á vista dos nefastos resultados na anterior lexislatura, considera que agora ao Primeiro Tenente de Alcalde lle espera unha ardua labor para mellorar estas áreas, polo que lle ofrece a súa axuda para traballar polo Rural, a Cultura e o Medio Ambiente. En definitiva, e á vista da xestión pasada, o seu grupo vai a votar en contra desta proposta.

A voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, respondéndolle ao Sr Alcalde que non é necesario pasearse polo rural, xa que vive nel, polo que lle aconsella a este que o visite máis e así poderá observar o estado de abandono no que se atopa; continúa dicindo que se cobra un salario por un traballo, non tendo sentido cobrar polo só feito de estar aí, entón vai a votar en contra desta proposta.

O **Sr. Alcalde** agradece as aportacións “produtivas” dos grupos da oposición.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e en contra do Partido Socialista, Móvete e Grupo Mixto (BNG), o

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FEN9KZM4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://eestrada.sectelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 34



seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

Visto o informe da Sra. Interventora municipal de 18/06/2019, emitido con carácter favorable.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Obras e Servizos no Medio Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 100% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 40.000,00 euros brutos anuais.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptárase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Concello da Estrada

Prza, da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKNZNTCLRSW0ZCPYLPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 11 a 34



Expediente 2779/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E DELEGADO DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE FACENDA, ORGANIZACIÓN E PERSOAL.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 12
En contra: 7
Abstencións: 0
Ausentes: 0

O Sr. **Alberto Blanco Carracedo** pasa a explicar o asunto do que trata este punto da orde do día, polo que se propón recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Segundo Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Facenda, Organización e Funcionamento e Persoal. Así mesmo, dita proposta inclúe, en primeiro lugar, que o réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible; en segundo lugar, establécese a contía a percibir en 20.000,00 euros brutos anuais; procede tamén a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan; e, finalmente, para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas.

Aclara aos presentes que, previa fiscalización da Intervención municipal, deberá ditarse o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias; asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptárase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Intervén o voceiro do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen observa que, con respecto á lexislatura anterior, a este 2º Tenente de Alcalde se lle retira a delegación da área de urbanismo, manténdolle ás áreas de Facenda e Persoal, e, aínda así se lle mantén a mesma percepción económica; ademais, lembra os grandes éxitos que obtivo en materia de persoal no pasado mandato, tales como a RPT (actualmente en sede xudicial) e a perda sistemática de todos os casos interpostos por traballadores do Concello e que van a xuízo.

Polo manifestado, di que o seu grupo votará en contra.

Toma a palabra a **Sra. Mar Blanco**, que comenza trasladando a súa conformidade coa supresión das competencias de urbanismo a este cargo de 2º Tenente de Alcalde ao xulgar a súa labor anterior; pero non coincide, ao abeiro do talante do concelleiro a ocupar este cargo e que mostra cos traballadores municipais, que sega ocupándose da xestión en materia de persoal, porque en ter conflitos co persoal e promover preitos non hai quen lle gane; sen embargo, se ten a intención de cambiar de dinámica, ofréceselle a axudar.

A voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba**, reitera que o traballo feito polo titular da segunda tenencia da Alcaldía na lexislatura anterior non foi a ideal, polo que vai a votar en contra.

O Sr. **Alcalde** di que como a oposición ten experiencia na xestión dun Plan Xeral, entón poden opinar e aconsellar como xestionar a área de urbanismo, de todos xeitos lles aconsella que consulten nas súas executivas locais para que sexan informados como foi o proceso, sobre todo ao

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKN4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 34



Partido Socialista, o cal tivo un dos seus membros exercendo o cargo de concelleira de urbanismo, a cal deixou unha herdanza espléndida.

Continúa dicindo que considera que na anterior lexislatura fíxose unha boa xestión na área de urbanismo, de feito aprobouse o único PXOM do noso concello, ademais de estarse a facer unha boa labor, xa que está convencido que urbanismo será unha das ferramentas de impulso nos vindeiros catro anos e, para elo, o novo grupo de goberno lle vai a dedicar todos os esforzos.

Por último, agradece á oposición os seus oportunos consellos.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e en contra do Partido Socialista, Móvete e Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Visto que o artigo 75.2 da Lei 7/1985 establece que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, e nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e as retribucións das mesmas deberase conter o réxime dedicación mínima necesaria para a percepción das retribucións.

Visto o informe da Sra. Interventora municipal de 18/06/2019, emitido con carácter favorable.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Segundo Tenente de Alcalde e delegado das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Facenda, Organización e Funcionamento e Persoal.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030, Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWDZCPYLKPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp.ublico | Páxina 13 a 34



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 20.000,00 euros brutos anuais.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptarase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Expediente 2780/2019. PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DE DEDICACIÓN PARCIAL PARA O CARGO DE TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE E DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 12,
En contra: 7
Abstencións: 0
Ausentes: 0

O Sr. **Alberto Blanco** procede explicar este punto, no cal se propón:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Terceira Tenente de Alcalde e delegada das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 75% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 30.000 euros brutos anuais.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que a concelleira en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptarase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Intervén **D. Luis López Bueno** trasladando que o seu grupo considera que a remuneración

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: #FN3RKZIN7CFLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esp/ublico | Páxina 14 a 34



económica é excesiva, sobre todo cando no anterior mandato facíase cunha dedicación media e non do 75%, parecer que manifesta sen desprezar a responsabilidade sobre ás áreas que se lle delegan; polo que traslada o voto en contra do Partido Socialista a esta proposta.

Toma a palabra **Dna. Mar Blanco** manifestando que non vai a apoiar esta proposta, sen embargo espera contar co apoio do grupo de goberno para defender que A Estrada vaia a ter unha residencia pública, o incremento do servizo de axuda no fogar e que os servizos sociais municipais sexan pro-activos (para que as persoas que sofren diversos problemas sexan avaliadas e atendidas o máis rápido posible). Continúa dicindo que o seu grupo é consciente de que área de servizos sociais ou benestar social incide na vida das persoas, sobre todo en aquelas máis necesitadas e vulnerables, por iso ofrécese a axudar para mellorar estes servizos, xa que considera que nos anteriores anos a súa xestión foi deficiente.

A **Sra. Susana Camba** intervén para informar que o seu grupo vai a votar en contra desta proposta.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e en contra do Partido Socialista, Móvete e Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Visto que o artigo 75.2 da Lei 7/1985 establece que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, e nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e as retribucións das mesmas deberase conter o réxime dedicación mínima necesaria para a percepción das retribucións.

Visto o informe da Sra. Interventora municipal de 18/06/2019, emitido con carácter favorable.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Terceira Tenente de Alcalde e delegada das facultades de dirección e xestión interna das Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 75% do que constitúe a

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWZCPYLPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 34



xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 30.000 euros brutos anuais.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que a concelleira en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptarase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Expediente 2783/2019. PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DA DEDICACIÓN PARCIAL PARA O CARGO DE CONCELLEIRO DELEGADO DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE URBANISO, EVENTOS E MERCADOS E APOIO Á CULTURA.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14

En contra: 5

Abstencións: 0

Ausentes: 0

O Sr. **Alberto Blanco** procede explicar este asunto, no cal se propón:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Concelleiro delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Urbanismo, Eventos e Mercados e Apoio á Cultura.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 20.000,00 euros brutos anuais.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptarase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Pide intervir o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar a súa desconformidade por dotar a esta área coa competencia de urbanismo, considerando que é un

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWDZCPYL EPC | Corrección: <http://sestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 de 34



despropósito organizativo, xa que se une nunha única área as competencias de urbanismo, eventos, mercados e, ademais, apoio á cultura, o que deixa adiviñar que seguirase en precario. Así mesmo, di que non vai a entrar na competencia do concelleiro no que se delegan estas funcións, pero polo dito anteriormente o seu partido votará en contra.

Intervén a voceira do grupo de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, manifestando que non entende como se unifican nunha mesma área competencias tan distintas. Por outra banda, alégrase que se nomee a unha persoa nova como concelleiro delegado, coa suficiente preparación para xestionar e dirixir estas áreas de gran relevancia á hora de dinamizar o noso municipio.

Por último ofrece o seu apoio e di que o seu grupo vai a votar a favor desta proposta, como manifestación de confianza, aproveitando para trasladar a necesidade de dotar de solo industrial ao Polígono Industrial de Toedo.

Toma a palabra a voceira do grupo mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, quen se une ao manifestado polos demais grupos da oposición, xa que non entende a unificación nunha mesma concellería de competencias tan distintas entre si, considerando que urbanismo ten a importancia suficiente como para estar incluído nesta mistura e, por esa causa, non está de acordo coa proposta que se trata neste punto e votará en contra.

O **Sr. Alcalde** entende que non comprendan a distribución de competencias nesta área, xa que nunca tiveron a oportunidade de gobernar, pero ao seu grupo de goberno a decisión adoptada é o camiño adecuado, xa que son sabedores das necesidades dos/das nosos/as veciños/as e tamén teñen claro cales son os obxectivos a acadar nesta nova lexislatura e, por suposto, urbanismo á una área moi importante, sinal diso é o Plan Xeral que se secou adiante sen o apoio nin a colaboración da oposición. Continuando, di que un exemplo da importancia que ten urbanismo para o seu grupo de goberno é o nomeamento dunha persoa para xestionar esta área na que existen unha serie de retos nesta nova lexislatura (novo solo industrial, impulso a novas licenzas de obras, etc.).

Interrompe a **Sra. Susana Camba** para lembrarlle ao Sr. Alcalde que están en posicións encontradas e iso hai que respectalo e, sobre todo, que respecte aos votantes do BNG como parte dos veciños e veciñas estradenses e merecen un respecto.

O **Sr. Alcalde** lle responde que debe ter un nivel de respecto moi alto, porque considera que non lle faltou o respecto aos votantes do BNG, pero si é certo que canto máis se afastan dos do BNG mellor lles vai, non considerando que isto sexa unha falta de respecto, xa que é unha realidade que os posicionamentos do grupo do BNG son totalmente diferentes aos do PP e o respecta pero non comparte a súa ideoloxía, é hai que entender que se trata dunha estratexia política e, canto peor lle vai a eles, mellor lle vai ao do seu grupo de goberno. Continúa dicindo que se considera equitativo e comprensivo, tratando a todo o mundo por igual e non cre que a Sra. Camba teña moitas queixas sobre o trato que dispensa aos votantes do BNG, porque nunca fixo diferenzas entre os cidadáns polo sentido do seu voto ou ideoloxía política, en definitiva, como Alcalde o é de todos os estradenses, pero como representante do Partido Popular lle interesa máis a propia posición que aquela que poidan ter os do BNG.

Continúa aclarando que aínda se está empezando unha lexislatura e os votantes estradenses con un 52% elixiron ao seu partido político para gobernalos durante catro anos máis, e asegura que o seu grupo vai a investir todo o seu empeño para que os nosos veciños se sintan orgullosos de habelos elixido.

A **Sra. Susana Camba** di que agarda que iso sexa así.

Intervén o **Sr. López Bueno** dicindo que fai moi ben o Sr. Alcalde en personalizar cando

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RZK2N4TCLRSUJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 34



manifesta “mellor nos vai a nós”, o que non significa que mellor lle vaia ao noso concello, é bo facer estar diferenca.

Continuando coa súa nova intervención e con respecto ao PXOM, di que é certo que o sacaron adiante, pero o que non din é que colleron un traballo xa feito polo Partido Socialista e que, por distintas circunstancias, non puideron sacalo adiante, circunstancia das que o grupo de goberno son coñecedores.

Lle contesta o **Sr. Alcalde** que o Partido Socialista deixou o Plan Xeral en ruínas, e tivo que vir este grupo de goberno para poñelo en orde, por iso tardou dous anos en xestionar un auténtico despropósito, xa que o Plan atopábase no Xulgado porque a propia Concelleira de Urbanismo denunciaba ao Alcalde (ambos do Partido Socialista) por causa da ruptura da cadea de custodia e pola desaparición das alegacións, etc.

Por outra parte cre que o voceiro do Partido Socialista non entendeu ben o que quixo dicir antes, é dicir, cando manifestou que ao pobo estradense lle vai ben en xeral, xa que se considera Alcalde dos estradenses, pero, como partido político, canto peor lle vaia aos partidos da oposición mellor lle irá ao seu partido e iso é o xogo da política; pero quere volver a repetir que como Alcalde o é de todos os estradenses, sen ningún tipo de distinción. Ademais, é consciente que estes Plenos de organización son complicados e un instrumento para marcar posicións políticas ou de afastarse de determinados temas que pode chegar a ser complicados para algúns, algo que entende pero que non comparte, aínda que lembra que outros partidos cando estiveron no goberno tamén fixaron dedicacións exclusivas de case setenta mil euros para o Alcalde daquel momento e, sen embargo, aquilo si que valía. Quere deixar claro que todos teñen os mesmos dereitos, pero entende o que a oposición política quere demostrar, pero iso vai a ocorrer en moitos temas, esperando que se cheguen a máis acordos que desacordos durante esta lexislatura.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e Móvete, e en contra do Partido Socialista e Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Visto que o artigo 75.2 da Lei 7/1985 establece que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran percibirán

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZNF4CLRSJWDZCPYL EPC | Corrección: http://aastrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 34



retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, e nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e as retribucións das mesmas deberase conter o réxime dedicación mínima necesaria para a percepción das retribucións.

Visto o informe da Sra. Interventora municipal de 18/06/2019, emitido con carácter favorable e coa salvedade de que esta proposta conleva a necesidade de modificación do Anexo de Persoal.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Recoñecer e aprobar a dedicación parcial para o cargo de Concelleiro delegado das facultades de dirección e xestión interna das áreas de Urbanismo, Eventos e Mercados e Apoio á Cultura.

Segundo.- O réxime de dedicación mínima será do 50% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

Terceiro.- Establécese a contía a percibir en 20.000,00 euros brutos anuais.

Cuarto.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais que lle correspondan.

Quinto.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo aos Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptárase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

Expediente 2759/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE ASIGNACIÓN A GRUPOS MUNICIPAIS

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 15
En contra: 0
Abstencións: 4
Ausentes: 0

Concédesse a palabra ao voceiro do Partido Popular, **D. Alberto Blanco**, quen pasa a dar

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN98KZM4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 34



lectura ao contido da proposta do asunto que se trata, e que é a seguinte:

Primeiro.- Asignar a cada un dos grupos políticos municipais e a efectos da súa actuación corporativa, as asignacións económicas seguintes, integradas por un compoñente fixo de 250,00 euros mensuais máis 47,61 euros mensuais por Concelleiro/a.

Segundo.- Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar a Base Adicional Única das Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodalala ao presente acordo.

Pide a palabra **D. Luis López Bueno** para agradecer o cambio da proposta do grupo de goberno, xa que nun principio propoñíase un reparto proporcional ao número de votos obtidos nas eleccións, sendo o criterio do Partido Socialista de que a asignación deber ter como fin o sostemento dos custos fixos de cada partido político (gastos de local, subministrados, etc.) e non deben de ter carácter lucrativo; por ende, tendo en conta que estes fondos van destinados a gastos non lucrativos, está xerando un problema para os grupos minoritarios e, polo tanto, non poderán sostener eses gastos fixos. Continúa dicindo que o seu grupo non pode consentir ese uso torticeiro, sendo a súa proposta manterse no sistema de reparto anterior, o cal aparentemente xeraba consenso. Polo manifestado di que o seu grupo se absterá na votación desta proposta.

Resposta o **Sr. Alcalde** lembrándolle ao Sr. López Bueno que a anterior proposta fora votada en contra polo seu partido fai 4 anos e agora a defenden.

Interrompe o **Sr. López Bueno** lle aclara que cando nun grupo se cambian os concelleiros tamén é normal que varíen as posicións, algo que se debe de entender, pero ao Alcalde lle gusta falar moito de pasado.

O **Sr. Alcalde** lémbrale ao Sr. López Bueno que terá a palabra cando lla sexa dada, porque, en caso contrario, a sesión plenaria sería un lío e, para estes efectos, existe unhas regras de organización que intenta dirixir como presidente da sesión. Unha vez aclarada esta puntualización, di que tan só manifestaba unha curiosidade política, xa que están a defender unha proposta que anteriormente habían votado en contra, algo que deixa constancia da coherencia política, non tan só a nivel persoal, senón tamén político; pero respecta a posición do grupo socialista.

Toma a palabra a **Sra. Mar Blanco**, quen, remitíndose á lei e ao informe da Intervención municipal, di que se trata dunha obriga o establecer en sesión plenaria o reparto dos fondos destinados aos grupos políticos con representación municipal e que garanta o funcionamento dos mesmos; pero, o feito de rebaixar a contía fixada nun 25% con respecto á de fai 4 anos, vai en contra da necesidade de fomentar a participación das forzas políticas na vida pública, sendo esta a causa pola que non comparten a decisión do Alcalde de romper de xeito unilateral o acordo acadado fai 4 anos, pero, aínda así, o seu grupo vai a votar a favor desta proposta por entender que a proposta inicial era bastante peor que a que se trae a esta sesión.

Concédesse a palabra á **Sra. Susana Camba**, que comunica que o seu grupo tamén prefería o sistema de reparto existente ata de agora, por considerar que é unha asignación sen lucro e independente da actuación política; sen embargo, se comparamos esta proposta á inicial (onde se propoñía un reparto segundo o número de votos obtidos nas eleccións), entón a ve moito máis aceptable e votará a favor da mesma.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular, Móvete e Grupo Míxto (BNG), e abstención do Partido Socialista, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona est/ublico | Páxina 20 a 34



asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando o sinalado no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o informe da Sra. Interventora de data 18/06/2019, emitido con carácter favorable, coa salvedade de que a proposta obriga a modificar as Bases de Execución do Orzamento en vigor.

ACORDOS:

Primeiro.- Asignar a cada un dos grupos políticos municipais e a efectos da súa actuación corporativa, as asignacións económicas seguintes, integradas por un compoñente fixo de 250,00 euros mensuais máis 47,61 euros mensuais por Concelleiro/a.

Segundo.- Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar a Base Adicional Única das Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodalala ao presente acordo.

Expediente 2788/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 14

En contra: 4

Abstencións: 1

Ausentes: 0

O Sr. **Blanco Carracedo** da lectura a proposta desta punto:

Primeiro.- Asignar por asistencia aos órganos colexiados, presidencias incluídas, a cantidade de 85,00 euros por sesión e concelleiro/a.

Segundo.- Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar a Base 52ª das Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodalala ao presente acordo.

Intervén **D. Luis López Bueno** para dicir que están en contra dunha suba desproporcionada nas asignacións aos concelleiros por asistencias a órganos colexiados, por considerar que A Estrada debería ser exemplo de contención do gasto e, aínda que noutros concellos se cobra máis por este concepto, tamén habería que ver o tamaño destes e cal son os seus orzamentos anuais. Di que falábase que este gasto necesitaba dunha actualización despois de moito tempo conxelado, sen embargo estamos ante unha suba do 15% cando o IPC 2018/2019 subiu un 7,6%, polo tanto non estamos ante unha actualización senón ante unha suba, aínda que o grupo de goberno o xustifique

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra), Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Codi. Validación: 4FN3RKN4TCLRS.WDZCPYLEPC | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esP-ublico | Páxina 21 a 34



na necesidade de resolver os problemas dos grupos máis pequenos a raíz do cambio nos criterios das asignacións aos partidos políticos; sen embargo entende que tamén saen beneficiados con esta suba os demais grupos, sendo unha medida para solucionar un problema que o mesmo goberno está a xerar co novo reparto.

Polo anterior aclara que o seu partido non quere uns órganos de goberno máis caros da historia da Estrada, sendo esta a razón polo que votarán en contra desta proposta.

Toma a palabra a **Sra. Mar Blanco** para trasladar o seu voto a favor desta proposta, por entender que se trata dunha actualización necesidade despois de moitos anos estancada.

A **Sra. Susana Camba** manifesta que ten moitas dúbidas con respecto á contía de 85 euros fixada, ao igual que non está de acordo coas cantidades por dedicacións exclusivas e parciais tratadas anteriormente, polo que se absterá na votación.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e Móvete, en contra do Partido Socialista e a abstención do Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando o sinalado no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local; no artigo 13.6 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o informe da Sra. Interventora de data 18/06/2019, emitido con carácter favorable, coa salvedade de que a proposta obriga a modificar as Bases de Execución do Orzamento en vigor.

ACORDOS:

Primeiro.- Asignar por asistencia aos órganos colexiados, presidenciais incluídas, a cantidade de 85,00 euros por sesión e concelleiro/a.

Segundo.- Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar a Base 52ª das Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodala ao presente acordo.

Expediente 2746/2019. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL CON ASIGNACIÓN DE FUNCIÓNS DE CONFIANZA OU ASESORAMENTO ESPECIAL.

Favorable Tipo de votación: Ordinaria

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN6PKZM4TC1RSJWDZCPYL EPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 34



A favor: 12
En contra: 7
Abstencións: 0
Ausentes: 0

O voceiro do Partido Popular, D. Alberto Blanco Carracedo, pasa a ler a proposta que se trata neste punto:

Primeiro.- Manter os seguintes postos de persoal eventual do Concello, asignándolles as seguintes funcións a realizar de confianza ou asesoramento especial, e coas seguintes retribucións, asimilándoos aos postos que se indican a continuación:

- Director de Réxime Interno. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 40.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo A1. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.
- Xefe de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 22.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo C1. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.
- Secretaría de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 18.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo C2. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

Segundo.- Realizarase a tramitación que corresponda para adaptar o Cadro de Persoal ou calquera outra disposición municipal ao establecido neste Acordo. Mais, en todo caso, o presente Acordo será eficaz dende a mesma data en que se dite.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen considera que os cargos de confianza de Xefe de Gabinete e Secretaría da Alcaldía son necesarios, sen embargo con respecto ao de Director de Réxime Interno dubida da súa pertinencia, posto que cobra 40.000 euros anuais cando a súa folla de servizos trae unha RPT xudiciada con perda sistemática de xuízos e duplicando competencias que podería asumir perfectamente a correspondente concellería, polo que non entende un salario tan elevado para este cargo. Polo dito o seu grupo votará en contra.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que, remitíndose ao traballo feito en lexislaturas anteriores no que a política en materia de persoal foi nefasta, o mellor que se podía facer é aforrar o soldo deste cargo e destinalo para o incremento da masa salarial dos actuais traballadores. Con respecto aos cargos de Secretaría e Xefe de Gabinete da Alcaldía, non ten nada que dicir xa que os considera necesarios e cun salario adecuado. Polo manifestado e con motivo de que hai que votar conxuntamente os tres postos, entón o seu grupo votará en contra.

Toma a palabra a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para trasladar o seu desacordo coa existencia da figura de Director de Réxime Interno, ao abeiro do traballo realizado nos últimos anos; polo contrario, está de acordo coa determinación dos postos de Secretaría e Xefe de Gabinete da Alcaldía, e, consecuencia va a votar en contra desta proposta.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e en contra do Partido Socialista, MÓvete e Grupo Mixto (BNG), o

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RZM4TCLRSJWJZCPYLEPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 34



seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Visto o sinalado nos artigos 89, 90, 104 e 104-bis da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 250 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado no artigo 41 e 50 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o sinalado no artigo 176 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia local.

Visto o sinalado no artigo 12 da do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da do Estatuto Básico do Empregado Público.

Visto o sinalado nos artigos 29 e seguintes, e no artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Visto o informe da Sra. Secretaria municipal de data 18/06/2019, emitido con carácter favorable condicionado ao cumprimento do disposto no contido do seu informe.

Visto o informe favorable da Sra. Interventora municipal, asinado con data 18/06/2019.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Manter os seguintes postos de persoal eventual do Concello, asignándolles as seguintes funcións a realizar de confianza ou asesoramento especial, e coas seguintes retribucións, asimilándoos aos postos que se indican a continuación:

- Director de Réxime Interno. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 40.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo A1. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.
- Xefe de Gabinete de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 22.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo C1. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra), Tfno. 986570030, Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RZM7CJRSJWZCPYLEPC | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 34



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

correspondan.

- Secretaría de Alcaldía. A súa dedicación será exclusiva. As súas retribucións brutas anuais serán de 18.000,00 euros, dividido en catorce mensualidades, por asimilación ao grupo C2. O Concello asumirá o pagamento das cotas empresarias á Seguridade Social que lle correspondan.

Segundo.- Realizarase a tramitación que corresponda para adaptar o Cadro de Persoal ou calquera outra disposición municipal ao establecido neste Acordo. Mais, en todo caso, o presente Acordo será eficaz dende a mesma data en que se dite.

Expediente 2743/2019. PROPOSTA DE ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS AS REPRESENTACIÓN MUNICIPALIS EN CONSELLOS ESCOLARES.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este punto toma a palabra o **Sr. Blanco Carracedo**, quen da lectura á proposta que se transcribe de seguido:

Asignar aos grupos políticos as seguintes representacións municipais nos Consellos Escolares dos centros de ensino.

- Centro de Educación Infantil e Primaria de Figueroa: Grupo do PP
- Instituto de Educación Secundaria nº 1: Grupo mixto (BNG)
- Centro de Educación Infantil e Primaria Pérez Viondi: Grupo do PP
- Centro de Educación Infantil e Primaria do Foxo: Grupo do PP
- Centro de Educación Infantil e Primaria Villar Paramá: Grupo do PP
- Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez: Grupo Móvete
- Instituto de Educación Secundaria Manuel García Barros: Grupo Socialista
- Centro de Educación Infantil e Primaria de Codeseda: Grupo Socialista
- Centro de Educación Infantil e Primaria de Oca: Grupo Socialista
- Conservatorio: Grupo do PP

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo e dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto de Alcaldía.

Non habendo, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RQZM4TCLRS:W0ZCPVLEPC | Corrección: http://sestrada.sectelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 34



(ROF), procede a acordar en Pleno o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Considerando o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no artigo 126 da Lei Orgánica 3/2006 de Educación,

ACORDAMOS:

Asignar aos grupos políticos as seguintes representacións municipais nos Consellos Escolares dos centros de ensino.

- Centro de Educación Infantil e Primaria de Figueroa: Grupo do PP
- Instituto de Educación Secundaria nº 1: Grupo mixto (BNG)
- Centro de Educación Infantil e Primaria Pérez Viondi: Grupo do PP
- Centro de Educación Infantil e Primaria do Foxo: Grupo do PP
- Centro de Educación Infantil e Primaria Villar Paramá: Grupo do PP
- Instituto de Educación Secundaria Antón Losada Diéguez: Grupo Móvete
- Instituto de Educación Secundaria Manuel García Barros: Grupo Socialista
- Centro de Educación Infantil e Primaria de Codeseda: Grupo Socialista
- Centro de Educación Infantil e Primaria de Oca: Grupo Socialista
- Conservatorio: Grupo do PP

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo e dirixido á Alcaldía. O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto de Alcaldía.

Expediente 2789/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN E CONGRESOS DA ESTRADA.

Favorable **Tipo de votación:** Ordinaria
A favor: 17,
En contra: 2
Abstencións: 0
Ausentes: 0

O Sr. **Alberto Blanco Carracedo**, en calidade de voceiro do grupo do Partido Popular, pasa a dar lectura á proposta obxecto deste punto:

Asignar aos grupos políticos, para formar parte do Padroado da Fundación de Exposicións e Congressos da Estrada, a designación de dous membros que lle corresponden ao Concello de A Estrada, a maiores do Alcalde, do seguinte xeito:

- 1 ao grupo do PP
- 1 ao grupo Socialista

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto da Alcaldía.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Codi. Validación: 4FN3RKN4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 34



Pide a palabra a voceira de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, para dicir que está en contra desta proposta xa que na lexislatura pasada o seu grupo había solicitado incrementar a participación municipal no Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos, co fin de que todos os grupos políticos tiveran representación no mesmo, sen embargo non se había obtido o apoio necesario para que esa proposta saíra adiante; en consecuencia seguen mantendo esa opinión e, por ende, van a votar en contra.

O **Sr. Alcalde** lle aclara á Sra. Blanco que, efectivamente, os Estatutos da Fundación sufríu unha modificación fai pouco para adaptalo á nova lei de entes públicos, sociedades e fundacións, establecendo dita lei as participacións dos distintos organismos, deste xeito a este Concello lle corresponden 3 representantes neste Padroado, non sendo facultade nin do Concello nin da Fundación o modificar esta porcentaxe.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular, Partido Socialista e Grupo Míxto (BNG), e en contra de Móvete, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembr,o polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede a acordar en Pleno o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Considerando o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no artigo 17 dos Estatutos da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, que sinalada en cantos aos membros do Padroado: *"polo Concello da Estrada: O seu Alcalde e dous membros máis do seu Pleno"*.

ACORDAMOS:

Asignar aos grupos políticos, para formar parte do Padroado da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, a designación de dous membros que lle corresponden ao Concello de A Estrada, a maiores do Alcalde, do seguinte xeito:

- 1 ao grupo do PP
- 1 ao grupo Socialista

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto da Alcaldía.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FNGRKNZM4TCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://sestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a Plataforma Xestión de Público | Foliaina 27 a 34



Expediente 2790/2019. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE VOGAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Por parte do voceiro **D. Alberto Blanco Carracedo** se procede a dar lectura da seguinte proposta:

Asignar aos grupos políticos a designación de 7 vogais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito:

- 3 ao grupo do PP
- 2 ao grupo Socialista
- 1 ao grupo Móvet
- 1 ao grupo Mixto (BNG)

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto da Alcaldía.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede a acordar en Pleno o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Considerando o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no artigo 10 dos Estatutos da Fundación Cultural da Estrada, que sinalada en cantos aos membros do Padroado: “[...] Sete vogais de libre designación polos grupos políticos integrantes d aCorporación respectando a súa proporcionalidade no Pleno ”.

ACORDAMOS:

Asignar aos grupos políticos a designación de 7 vogais no Padroado da Fundación Cultural da Estrada, do seguinte xeito:

- 3 ao grupo do PP
- 2 ao grupo Socialista
- 1 ao grupo Móvet
- 1 ao grupo Mixto (BNG)

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZNA4CLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 34.



A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto da Alcaldía.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 2792/2019. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-0669 DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS/AS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-0669, de 18 de xuño, que se transcribe de seguido:

“Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 65 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 52 e 46 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal con data 18/06/2019.

E, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixentes,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear, aos que a continuación se dirán, Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local:

- 1. Juan Manuel Constenla Carbón*
- 2. Alberto Blanco Carracedo*
- 3. Amalia Goldar Cora*
- 4. Miguel Óscar Rancaño Brañanova*
- 5. María de los Ángeles Pais Carbia*
- 6. Ismael Pena Villamor*
- 7. Óscar Alejandro Durán Barros*

Segundo.- Considerarase que existe aceptación por parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara ou comecen a exercer como membros da Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZ4N4TCLRSJWDZCFYLEPC | Corrección: <http://aesirada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 34



ao do presente.”

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Expediente 2794/2019. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-0670, POLO QUE SE NOMEAN TENENTES DE ALCALDE (CORPORACIÓN 2019 - 2023)

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-0670, de 18 de xuño, que se transcribe de seguido:

“Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 62 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 46 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o informe emitido pola Secretaria municipal con data 18/06/2019.

E, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixentes,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear aos que a continuación se dirán, todos eles membros da Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde, e pola orde recollida no presente:

- Juan Manuel Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde*
- Alberto Blanco Carracedo, 2º Tenente de Alcalde*
- Amalia Goldar Cora, 3º Tenente de Alcalde*
- Óscar Rancaño Brañanova, 4º Tenente de Alcalde*
- María de los Ángeles Pais Carbia, 5º Tenente de Alcalde*
- Ismael Pena Villamor, 6º Tenente de Alcalde*
- Óscar Durán Barros, 7º Tenente de Alcalde*

Segundo.- Considerarase que existe aceptación pola parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer como Tenentes de Alcalde.

Terceiro.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.”

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZNA4CLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://asestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 30 a 34



Expediente 2740/2019. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-0671, POLO QUE SE DESIGNAN ÁREAS AOS CONCELEIROS ASÍ COMO A DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DE CADA UNHA DELAS.

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-0671, de 18 de xuño, que se transcribe de seguido:

“Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 18/06/2019, en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 61 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 43 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixentes,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar aos Sres. Concelleiros seguintes as áreas expostas; os concelleiros asumirán as delegacións xenéricas que de seguido se expoñen, incluíndo ditas delegacións as facultades de dirección e xestión interna, sen comportar facultades resolutorias mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

- *Juan Manuel Constenla Carbón: Áreas de Obras e Servizos no Medio Rural, Cultura (incluíndo Normalización Lingüística) e Medio Ambiente.*
- *Alberto Blanco Carracedo. Áreas de Facenda, Organización e Funcionamento e Persoal.*
- *Amalia Goldar Cora. Áreas de Benestar Social, Igualdade e Educación.*
- *Miguel Óscar Rancaño Brañanova. Áreas de Sanidade, Turismo e Relacións Institucionais.*
- *María de los Ángeles Pais Carbia. Área de Desenvolvemento Rural e Actividade agrogandeira.*
- *Ismael Pena Villamor. Áreas de Deportes, Novas Tecnoloxías e Participación cidadá.*
- *Óscar Alejandro Durán Barros. Área de Promoción económica, Comercio e Emprego.*
- *Gonzalo Louzao Dono, Área de Urbanismo, Eventos e Mercados, e apoio á Cultura.*

Segundo.- Considerarase que existe aceptación pola parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer-la delegación.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKN4TCLRSJW0ZCPYLEPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 34



Terceiro.- Facultar e autorizar aos Sres. Concelleiros D. Juan Manuel Constenla Carbón, D^a Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Gonzalo Louzao Dono, as facultades de autorización ou aprobación, disposición, recoñecemento da obriga, liquidación e ordenación do pago, da súa área, cos límites dos créditos dispoñibles en cada caso. Así mesmo, delégase no Concelleiro Delegado de Facenda a sinatura de todos os documentos contables e o pago material de calquera gasto.

Concédese a delegación da sinatura desta Alcaldía-Presidencia, aos efectos de outorgar o Visto Bo á sinatura da Sra. Secretaria, ou funcionario/a delegado/a por ésta, nos seguintes casos:

a) Na persoa dos/as Sres./as Concelleiros D. Juan Manuel Constenla Carbón, D^a Amalia Goldar Cora, D. Alberto Manuel Blanco Carracedo e D. Gonzalo Louzao Dono, para as certificacións de residencia, empadramento e calquera outras de trámite.

b) Na persoa dos/as Sres./as Concelleiros/as D. Juan Manuel Constenla Carbón, D^a Amalia Goldar Cora e D. Alberto Blanco Carracedo, para os asuntos de trámite e ordenación das súas respectivas concellerías.

Cuarto.- Os conflitos de competencias que puidesen suscitar no exercicio das respectivas delegacións, serán resoltas por esta Alcaldía-Presidencia.

Quinto.- Delegar en todos/as e cada un/a nos Sres./as Concelleiros/as, de forma indistinta, as facultades desta Alcaldía que veñen previstas no Código Civil e nas demais normas concordantes de aplicación, para autorizar, coas formas e procedementos legais, e na súa presenza, a celebración de matrimonios civís.

Sexto.- As delegacións xenéricas e específicas asignadas, producirán efectos desde o día da sinatura desta resolución, con independencia da súa notificación aos interesados; sen prexuízo da súa correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Asemade, e sen prexuízo de conservar esta Alcaldía integramente as facultades en relación coas áreas que se indican a continuación, os seguintes serán Concelleiros que colaborarán particularmente con esta Alcaldía nas mesmas:

- María del Carmen Durán Lea. Área de Dinamización Sociocultural no Rural*
- Lucía Seoane Rosende. Área de Mocidade*

Oitavo.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó do presente."

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-0674 DE DELEGACIÓN

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZ4N4CLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 a 34



NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-0674, de 18 de xuño, que se transcribe de seguido:

“Visto o sinalado no artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

Visto o sinalado no artigo 65 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

Visto o sinalado nos artigos 43 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que lle correspondan orixinariamente á Alcaldía nas seguintes materias:

- 1. Aprobación de gastos superiores a 1.200 euros.*
- 2. Recoñecemento de obrigas e ordes de pagamento. Non se inclúen na delegación a amortización e intereses dos préstamos, nóminas e seguros sociais, anticipos de persoal, anuncios BOP e DOGA e os pagamentos a xustificar.*
- 3. Acordos relativos a exencións, beneficios fiscais, anulación de liquidacións e devolución de ingresos indebidos ou recoñecemento de non suxeición e devolución de avais e fianzas.*
- 4. As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas Ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización*
- 5. As competencias como órgano de contratación, a excepción dos contratos menores, respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*
- 6. Así mesmo, a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu importe non supere nin a porcentaxe nin a contía indicadas.*
- 7. O outorgamento de licenzas urbanísticas e licenzas de actividade, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno da Corporación*

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZM4TCLRSJWDZCPYLFFC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestión esPublico | Páxina 33 a 34



8. *En materia de subvencións, aprobación das bases e dos acordos de concesión, non se inclúen na delegación os acordos de xustificación das subvencións.*
9. *Aprobación de padróns en materia de ingresos.*
10. *Recoñecemento do primeiro trienio a funcionarios ou persoal laboral.*
11. *Informes a solicitude doutras Administracións.*
12. *Aprobación da xustificación dos gastos por traballos extraordinarios do persoal de realización fora da xornada laboral.*

Segundo.- As delegacións feitas a través deste Decreto, e de conformidade coa doutrina xurisprudencial (Sentenza do Tribunal Supremo de 2 de xuño de 2003), abranguen tamén a competencia para a resolución dos recursos de reposición (incluíndo o previsto no artigo 14 do RD Lexislativo 2/2004) que puideran interpoñerse fronte ós acordos da Xunta de Goberno Local ditados en exercicio das competencias delegadas por esta Alcaldía.

Terceiro.- Queda expresamente derogada calquera Resolución feita con anterioridade que teña por obxecto o réxime da Xunta de Goberno Local previsto na presente.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente."

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as catorce horas cuarenta minutos da data do seu inicio.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0011 Data: 06/09/2019



Cod. Validación: 4FN3RKZNAITCLRSJWDZCPYLEPC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPubi.co | Páxina 34 a 34